

CRITERIOS DE AVALIACIÓN. TRIBUNAIS DE FOL.

DATA PUBLICACIÓN: [17/06/2023]

CRITERIOS PROBA A (Proba escrita consistente na redacción dun tema a elixir pola persoa opositora de entre os cinco sorteados previamente polo tribunal)

- O tema deberá conter un índice claro no que aparezan todos e cada un dos puntos que se vaian desenvolver segundo se indica no anexo I da Orde do 1 de febreiro de 1996 no que se establece o temario de FOL (BOE núm. 38, do 13 de febreiro).
- Para unha avaliación positiva o persoal aspirante deberá tratar todos os epígrafes marcados no temario, axustándose estritamente aos contidos do tema fixados pola orde, cunha estrutura organizada e adecuada.
- A redacción deberá ser clara, coa corrección gramatical e ortográfica adecuada ao nivel académico do persoal aspirante e perfectamente lexible.
- O persoal aspirante deberá manifestar na redacción do tema dominio dos coñecementos específicos, técnicos e científicos propios da especialidade, empregando un vocabulario técnico adecuado.
- O persoal aspirante deberá citar as fontes, os recursos bibliográficos e lexislativos axeitados e correctamente relacionados co tema a desenvolver.
- Os contidos da resposta deberanse atopar debidamente actualizados á data do día do exame.
- A lectura da proba deberá ser fluída e áxil, axustándose en todo momento ao que se atope escrito na proba -de non facelo así poderá ser causa motivada dunha nota negativa- como resultado dunhas expresións escrita e oral correctas.

PROBA B.1: Preparación, presentación e exposición, e defensa dunha unidade didáctica.

A persoa aspirante elixirá o contido da unidade didáctica. Na elaboración da citada unidade didáctica deberán concretarse os obxectivos de aprendizaxe que perseguen con ela, os seus contidos, as actividades de ensino e aprendizaxe que se van a formular na aula e os seus procedementos de avaliación.

Segundo rúbricas publicadas pola Subdirección Xeral de RR HH (anexo VIII)

CRITERIOS PROBA B.2

(Consistirá na realización dun ou varios supostos de entre os propostos polo tribunal, relacionados co temario da oposición e co currículo dos módulos dos ciclos formativos cuxa competencia docente estea atribuída á especialidade de FOL e que se axustará, para esta especialidade ao disposto no anexo IV da Orde do 5 de decembro de 2022.)

- O desenvolvemento e os resultados dos exercicios deberán ser correctos e estarán claramente indicados e debidamente xustificadas. Estes requisitos serán indispensables para a súa cualificación máxima. A simple presentación dos resultados dos exercicios sen unha explicación e desenvolvemento que o xustifiquen non serán tomados en consideración para ser puntuados, valendo a resposta cero puntos.
- As respostas deberán ser claras e estar ordenadas e ben organizadas de xeito que se poidan identificar doadamente, con dominio da terminoloxía propia da especialidade.
- Deberá haber unha coherencia entre o suposto práctico presentado e o contido exposto na resposta do persoal aspirante.
- A resposta deberá contar cunha adecuada expresión escrita -non se admitirán abreviaturas ou expresións que non sexan correctas do tipo xq ou similares-, cunha redacción adecuada ao nivel académico do persoal aspirante, correcta ortografía, así como pulcritude na presentación.
- A lectura da proba deberá ser fluída e áxil, axustándose en todo momento ao que se atope escrito na proba -de non facelo así poderá ser causa motivada dunha nota negativa- como resultado dunhas expresións escrita e oral correctas.

CUALIFICACIÓN PROBA

A primeira parte e a segunda parte da proba cualificaranse de 0 a 10 puntos, ponderándose do seguinte xeito:

Parte A: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,5 a cualificación obtida.

Parte B.1: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,5 a cualificación obtida.

Parte B.2: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,5 a cualificación obtida.

Criterios de avaliación tribunais de Formación e Orientación Laboral (FOL)